



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I01FI	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/2227	
632K 443G 5O3K 0Y25 10DE	Data 05-02-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 4 de febreiro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de arquitecto/a superior, da escala de administración xeral, subescala técnica (subgrupo A1), derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 16/12/2022, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 241 do 22/12/2022), nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, supletoria da listaxe de agarda aprobada por Resolución do concelleiro delegado responsable da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 10/12/2021, derivada do proceso selectivo convocado por resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración do 20/06/2018 (BOP núm. 144 do 31/07/2018) modificada mediante Resolución do 02/10/2018 (BOP núm. 202 do 23/10/2018), sen que as persoas interesadas presentasen alegacións durante o prazo concedido ao efecto e habendo xustificado os requisitos esixidos na convocatoria, segundo o establecido na base 4 punto 4.2.17 das bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego público

En consecuencia a lista definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de arquitecto/a superior (subgrupo A1), está formada pola seguinte relación de persoas:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Notas 3º exerc.	Puntuación concurso	TOTAL
1	TARRÍO VILA, DIEGO	**3760***	8,91	25,75	9,50	19,60	63,76
2	HERVELLA GOMEZ, JOSÉ RAMON	**2772***	8,86	23,50			32,36
3	FERNÁNDEZ CONSTENLA, LUCÍA	**0814***	8,02	23,75			31,77
4	MONTERO GONZÁLEZ, MARÍA	**4884***	8,34	20,50			28,84
5	LUEIRO GARCÍA, MARÍA	**3771***	8,20	18,50			26,70

Segundo.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña



Terceiro.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada